

**Informe-Proposta**

Mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16/11/2017 apróbanse as bases reguladoras e a convocatoria para o proceso selectivo de contratación temporal dun/ha coordinador/a prospector/a laboral e tres titores/as do proxecto "Ferrol Emprego xuvenil". Bases que no seu anexo III recollen o Temario ( temario xeral e temario específico ), sendo que no temario específico os temas num. 4 e num. 7 establecen o seguinte:

*"4.- Decreto 42/2013 do 21 de febreiro de estrutura orgánica da Consellería de Traballo.  
7.- Marco de actuación dos servizos públicos de emprego na Lei 56/2003."*

Detectado erro nos anteditos temas do temario específico, a redacción correcta debería ser:  
*"4.- Decreto 175/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.  
7.- Real decreto legislativo 3/2015 de 23 de outubro do texto refundido da Lei de Emprego."*

De conformidade ao establecido polo art. 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas , que establece, a revogación de actos e rectificación de erros do seguinte teor :

*"2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos."*

Polo exposto propóñolle a vostede a adopción do seguinte acordo:

Rectificar as bases reguladoras referidas na parte expositiva deste acordo no seguinte sentido:

**Onde di:**

- 4. Decreto 42/2013 do 21 de febreiro de estrutura orgánica da Consellería de Traballo.
- 7. Marco de actuación dos servizos públicos de emprego na Lei 56/2003.

**Debe dicir:**

- 4. Decreto 175/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- 7. Real decreto legislativo 3/2015 de 23 de outubro do texto refundido da Lei de Emprego.

Non obstante vostede resolverá.

Ferrol, 29 de novembro de 2017  
A Xefa de Servizo de Recursos Humanos

Cristina Garay Aguirre

**Decreto**

Examinei a proposta precedente e apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina o alcalde-presidente na Casa do Concello de Ferrol o día

O alcalde

Jorge Juan Suárez Fernández

29 NOV. 2017  
Diante miña  
O secretario xeral